

Contrato de subministración Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON1311LA	<i>Expediente</i> CON/40/2019	<i>Data Creación:</i> 03-10-19 08:52

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Iluminación de Nadal 2019 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 180.000 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 8 de outubro de 2019, ás 9:25 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Gonzalo Muíños Sánchez.

Vogais: Juan Ramón González Carnero, interventor xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de Contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	CIF	NOME DO LICITADOR
1	30/09/2019	B36351484	CREACIONES LUMINOSAS SL
2	02/10/2019	B15279359	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que ambos a aportan correctamente cumprimentada.

A continuación procédese á apertura pública, en presenza dun representante da empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS dos arquivos electrónicos que conteñen a documentación relativa aos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor, resultando un aparente incumprimento das condicións da licitación na documentación aportada pola empresa CREACIONES LUMINOSAS, que reflicte o número concreto de motivos luminosos que compromete, que son obxecto de valoración mediante fórmulas, debendo reservarse, polo tanto, esta información para o sobre número 3.

En consecuencia, a mesa acorda o traslado da documentación ao comité de expertos nomeado ao efecto para que verifique de xeito definitivo a existencia do incumprimento detectado.

Ás 9.40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

